

Ao excmo. señor alcalde do Concello de Santiago de Compostela

Don Xosé Xabier Ron Fernández, con D.N.I. nº 32.656.790-X, con enderezo a efectos de notificación na rúa Dublín 8, baixo dereita, en representación da Agrupación Comarcal de Esquerda Unida-IU, comparezo e como mellor proceda,

DIGO

que mediante o presente escrito formalizo alegacións ao **Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela** en consideración aos seguintes

FEITOS

Non podemos estar máis de acordo cando o Regulamento, na Exposición de motivos, define o concello “como prestador de servizos con unha (sic) efectiva participación cidadá” (páx.11). Non obstante, na formulación do Regulamento detéctanse varias eivas que limitan –se non invalidan- dita afirmación, non sendo a menos relevante, porque liga con este Regulamento, a do desenvolvemento do **Regulamento da Participación Cidadá** (aprobado en BOP do 9 de xaneiro de 1999), desenvolvemento que non debeu producirse, xa que figuraba no programa electoral das formacións políticas que co-gobernan o Concello en maio de 2007. A ausencia, polo tanto, do desenvolvemento do Regulamento de Participación Cidadá, afecta, e moito, ao funcionamento do Pleno do Concello, se realmente desexamos que este sexa un órgano real de participación do pobo.

Por iso, en ausencia de dito desenvolvemento, deberase, cando menos, introducir no articulado do presente Regulamento cómo poden intervir no Pleno os diferentes Colectivos Veciñais, os Órganos de Participación Cidadá e os axentes económicos e sociais constituídos para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais do municipio.

En efecto, para que se vexa que realmente se cre na participación, é preciso que esta se detalle por escrito. Así, cando o Regulamento sintetiza os trazos definitorios do Pleno, reparamos en que a palabra “participación” xa non aparece. En consecuencia, propoñemos que o punto d) sexa redactado da seguinte maneira:

d) Órgano de participación cidadá e debate das achegas, suxestións, iniciativas e intereses dos veciños e veciñas, de organizacións veciñais, dos diversos órganos de Participación Cidadá, dos axentes económicos e sociais constituídos para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais do municipio.

En consonancia con esta redacción, e para ser coherentes coa declaración de intencións do limiar do propio Regulamento, anotamos a necesidade de que se reformule a definición de Pleno (Tít. I, artigo 2) da seguinte maneira:

O Pleno, formado polo Alcalde ou Alcaldesa e os concelleiros é o órgano máximo de representación política dos cidadás e das cidadás no goberno municipal e representa o órgano onde se materializa a participación política da cidadanía.

Estas puntualizacións son precisas, xa que para os redactores do Regulamento semella que o Pleno é unicamente a expresión da representación –froito do voto do pobo-, excluindo a participación tanto nas funcións como na definición. En efecto, non deixa de sorprender que se detallan tanto os cometidos de concelleiros e concelleiras e se silencie o papel activo e protagonista que debe desenvolver o pobo nas cuestións que máis lle afectan no día a día.

No que se refire ás obrigas de concelleiros e concelleiras, entendemos que debe constar de forma expresa –non basta con remitirse a un articulado superior- a

obriga de asistencia ás sesións de órganos colexiados e que **o incumprimento reiterado desta obriga conlevará as oportunas sancións**. A tal efecto, engadiríamos o subliñado como conclusión do art. 8 (tít. II, cap. I) sobre o dereito e deber de asistencia.

Os Plenos, sabido é, son públicos (tít. IV, cap. II, art. 54), pero a realidade do propio edificio consistorial que acolle os Plenos (o Pazo de Raxoi), de escasa capacidade para a asistencia de público, impide que ditos Plenos sexan realmente participativos, tendo en conta que nas súas cadeiras se instalan principalmente os técnicos que asesoran aos grupos e medios de comunicación.

Se queremos realmente que o Pleno sexa órgano de debate (Exposición de motivos, punto a, páx. 12), órgano receptivo das propostas dos grupos da oposición ou non representados no executivo municipal (punto c) e de participación (na reformulación que propoñemos máis arriba), tal como reza o presente Regulamento, é imprescindible habilitar un espazo máis amplo e accesible, con eliminación de barreiras arquitectónicas, que faga efectivo o principio de participación cidadá.

No que se refire á distribución da convocatoria de Pleno coas súas correspondentes Ordes do Día (Tít. IV, cap. II, art. 56), reclamamos que se amplíe aos destinatarios aos que se lle comunica convocatoria de Pleno. Para manter a coherencia co formulado nos propios puntos c e d, da Exposición demotivos onde se definen os fins que debe perseguir o Pleno (páxina 12), propoñemos a seguinte redacción:

Así mesmo, as convocatorias notificaranse de forma obrigatoria aos representantes dos veciños e veciñas, das organizacións veciñais, aos órganos de Participación Cidadá e aos dos axentes económicos e sociais constituídos para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais do municipio

cos mesmos requisitos e coa antelación necesaria á celebración das sesións.

No artigo 61 (tít. IV, cap II), onde se detalla o número máximo de iniciativas, propoñemos elevar o número. En efecto, situar o número a dúas por cada concepto limita o traballo político dos grupos da oposición. As iniciativas representan o modo en que os grupos da oposición poden incidir de forma construtiva na política do municipio. Por iso, en virtude dunha maior participación dos grupos da oposición, ***defendemos que o número de mocións (proposicións na formulación do presente Regulamento) sexa como mínimo de 4, e como mínimo de 3 nos restantes conceptos (rogos e preguntas).***

Pero, como o Pleno debe ser o órgano onde se materializa a participación política da cidadanía tamén esta debe ter a posibilidade de presentar iniciativas, a maiores da iniciativa popular. Tendo en conta que esta eiva é manifesta en toda a redacción do Regulamento, propoñemos a introdución do seguinte articulado como novo capítulo no Título IV dedicado a explicar o Funcionamento do Pleno:

Capítulo IV. Da Intervención no Pleno da Cidadanía.

Artigo 1. Os veciños e veciñas, os órganos de participación cidadá, os axentes económicos e sociais constituídos para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais, poderán efectuar, cando así o soliciten, unha exposición perante o Pleno das súas opinións, sempre que sexan autorizadas pola Presidencia, por cumprir os seguintes criterios:

a) Que o asunto estea incluído na Orde do Día da sesión na que se desexe intervir.

b) Que o solicite por escrito antes corenta e oito horas anteriores ao comezo da celebración da sesión plenaria. No escrito, dirixido ao

Alcalde-Presidente, figurará o nome da persoa que tomará a palabra, e o interese da intervención, expresado de forma razoada.

- c) Que o colectivo solicitante estea inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións, estea integrado no Regulamento de Participación Cidadá –cando este se realice e se desenvolva- ou que se teña constancia da súa existencia ou do seu funcionamento.***

Artigo 2. A autorización da Presidencia estenderase a unha única intervención, a través dun único representante, por colectivo, que non poderá exceder o tempo marcado para cada Grupo Político, e durante a mesma non se permitirán expresións descualificadoras, ofensivas ou injuriosas cara a persoas ou entidades, retirándose pola Presidencia, sen máis, a palabra, despois dun primeiro apercebimento ao efecto.

Artigo 3. As intervencións sempre se realizarán antes das deliberacións dos Grupos Políticos e das votacións.

Artigo 4. A denegación das peticións de intervir haberá de ser sempre motivada, con expresa indicación das razóns que impiden acceder ao solicitado.

Artigo 5. Rematada a sesión do Pleno, a Presidencia poderá establecer un turno sobre rogos e preguntas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde á Presidencia ordear e pechar este turno.

Polo exposto SOLICITO que teña por presentado este escrito, se sirva admitilo, e na súa virtude teña por formalizado escrito de alegación.

Santiago, 13 de novembro de 2007

AO EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTIAGO